

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

2	Eu son un home triste, eu son un neno canso e teño unha voz murcha,	14	Que cando pensa acharte nuns ollos translucentes,
4	como unha mau de néboa rubindo cara ao sol;	16	decátase de que iles son ollos de door,
6	unha mau a buscar a Túa mau infinita.	18	ollos de cas que sufren e bois baixo aguilladas,
8	Eu son un home triste que ando a pensar en min	20	ollos con moitas bágoas. Entón, Señor, ti fuxes,
10	i a cavilar en Ti.	22	i estas maus que son terra somentes terra apreixan.
12	Eu son un home que te busca na terra e non te ve nas rosas.	24	Eu son un home triste.

Antón Tovar, *Arredores*, 1962

1. A quen se dirixe o *eu* do poema? Por que adopta un ton de desacougo e tristeza? [1 punto]
2. Por que, sendo un home, di “eu son un neno canso” (verso 2). Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo os motivos polos que, na túa opinión, a poesía é un xénero con menos lectores que a novela. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. O poema non está escrito conforme o galego estándar actual. Identifica no texto sete formas non-estándar distintas e sinala a forma estándar correspondente a cada unha delas. [1 punto]
5. Indica: a) dous sinónimos de *rubir* (líña 5), *cavilar* (l. 10), *fuxir* (l. 21), *apreixar* (l.23); b) un sinónimo e un antónimo de *sufrir* (l. 18). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)
 - b) O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN 2

O sector pesqueiro galego experimentou un forte proceso de expansión a partir dos anos 60 que se asentou en dous factores: 1) O medre na demanda de peixe como consecuencia do ‘despegue’ económico. 2) O potenciamento que desde o propio goberno do estado se realizou respecto da pesca de altura. Ao abeiro do Plan de Reconversión da Flota, aprobado en 1961, procedeuse á construción dun bo número de barcos conxeladores, que beneficiaron, sobre todo, á actividade pesqueira industrial.

Até 1977 a flota galega de altura contaba con case 500 buques e parecía constituír un sector capaz de manter un crecemento sostido. Sen embargo, a situación mudou a partir dese ano. Para explicar esta contracción hai que sinalar dúas grandes causas: o envellecemento da flota de baixura (agravado pola situación de esquilamento que sofren os nosos caladoiros) e a redución dos caladoiros internacionais. Aos problemas existentes con Marrocos, Irlanda ou o Canadá, por mor da cuestión das augas territoriais, cómpre engadir as enormes limitacións que padecen os nosos barcos nos caladoiros comunitarios, así como a aplicación das normativas a respecto da reconversión da flota galega após a integración do Estado español na CEE e o desleixo que amosou o goberno español na defensa dos intereses galegos.

As consecuencias desta situación, cando menos as máis evidentes, foron, por unha banda, a práctica desintegración da flota galega de conxeladores e, pola outra, a desaparición de case 4500 empregos entre 1977 e 1987, fundamentalmente na pesca de altura e conxeladora.

Bieito Alonso Fernández, en *Historia xeral de Galicia*, 1997

1. Indica cal é o tema do texto e fai unha breve síntese do seu contido. [1 punto]
2. Elabora un esquema coas ideas do texto. [1 punto]
3. No texto alúdese a certos problemas do sector pesqueiro derivados da integración española na CEE (actual UE). Expón de xeito argumentado as vantaxes e inconvenientes que na túa opinión ten a nosa pertenza á Unión Europea. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Identifica as dúas seguintes construcións sintácticas e comenta as diferenzas de forma e de nivel de uso existentes entre elas: [1 punto]
 - (a) *O Plan de Reconversión da Flota foi aprobado en 1961.*
 - (b) *O Plan de Reconversión da Flota aprobouse en 1961.*
5. Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras e identifica o valor de cada un dos morfemas: *pesqueiro* (líña 1), *conxeladores* (l. 5), *industrial* (l. 5), *existentes* (l. 10), *desintegración* (l. 15). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)
 - b) O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

Señorita: A partir de hoxe, debe vostede borrar o meu nome da lista dos seus admiradores. Ignoro se lle importa sabelo, pero son un home feito anacos. Dáse vostede conta? Son un afeccionado que perseguíu a súa imaxe na pantalla de todos os cinemas de estrea e de barrio, un crítico afeccionado que xustificou as súas peores actuacións morais e agora xura de xeonllos separarse para sempre de vostede.

Fágame o favor de ser máis responsable dos seus actos, e antes de asinar un contrato ou de aceptar un compañeiro estelar, pense que un home coma min pode contarse entre o público e recibir un golpe mortal. Non falo movido polos celos, mais, créame vostede: en *Escravas do desexo* foi bicada, acariñada e agredida con exceso. Vostede podería alegar na súa defensa que dende a súa primeira irrupción no celuloide apareceron algúns dos trazos da conduta que agora lle estou a reprochar. É certo; e admito avergoñado que ningún dereito ampara as miñas querelas. Eu aceptei amala tal como é. Perdón, tal como cría que era. Coma todos os desenganados, maldigo o día en que unín a miña vida ao seu destino cinematográfico.

Antes, as súas escenas de amor non me alteraban, porque sempre había en vostede un trazo de dignidade profanada, porque percibía sempre un íntimo rexeitamento. Pero n'*A rabia no corpo*, cos ollos húmidos de amor, vostede volveu cara a min o seu rostro verdadeiro. Confêseo dunha vez: vostede está realmente namorada dese comiquiño de segunda, non é certo? Atreveríase a negalo impunemente? Por que xogou comigo como xogan todas? Por que non me ensinou dende o principio o rostro desatado que agora me atormenta?

Elena Poniatowska, "Cinema Prado", en *A filla do filósofo*, 2009

1. Que imaxe da persoa que escribe esta carta nos transmite a autora no texto? Xustifica brevemente a túa resposta. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *afeccionado* (líña 2), *celuloide* (líña 9), *reprochar* (líña 9), *impunemente* (líña 16), *atormentar* (líña 18). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Expón a túa opinión sobre a responsabilidade que determinados medios como o cine, a televisión ou os videoxogos, poden ter en certas condutas patolóxicas dalgunhas persoas. Considera as eventuais medidas que cabería tomar para evitar eses problemas. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Identifica nas 6 primeiras liñas do texto (ata *recibir un golpe*) cinco conxuncións distintas e clasifícaa (por ex.: conx. coordinante adversativa ou subordinante causal). [1 punto]
5. Segmenta morfoloxicamente as 5 palabras subliñadas da seguinte oración e identifica o valor de cada morfema: admito avergoñado que ningún dereito ampara as miñas querelas (liñas 9-10). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - b) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

Levo tempo describindo a miña expedición 'Everest 2012' aos amigos. Asegúrolles que subirei ao curuto do planeta dentro de dous anos. Mesmo enumérolles as marcas das roupas térmicas que vou usar e os modelos de piolets que precisarei. Eles saben que nunca vou executar ese soño, pero son tan educados que disimulan e opinan sobre o meu equipo de escalada.

En montañismo hai dous xeitos de ascender: o himalaísmo (subir un treito, asentir unha base e descender antes de volver escalar) e o alpinismo (un ascenso directo e ininterrompido). Como o 2012 bótase enriba de min como unha avalancha de neve cruel, comecei a desprestixiar o Everest chegando a cualificalo de "destino para o Sergas". É unha medida preventiva, unha venda que me cobre o corazón. Con todo, non desbotarei ascender eses 8.848 metros ata que chegue o día 365º do ano da promesa.

No 2013, inventarei unha aventura diferente: chegar ao Polo Norte nun trineo tirado por cans de palleiro, por exemplo. O meu pai aprendeume que os soños son infinitos. Nunca mo falou con palabras, pero foi un alpinista, dos que soben recto e tarareando. Camiñou a vida cunha estrela na fronte e, no bico, un cantar. Finou o luns. Desculpen a tristeza.

Jaureguizar en *El Progreso* (14/01/2010)

1. Indica cal é a relación que establece o autor entre os tres núcleos de contido do seu texto: [1 punto]
a) expedición ao Everest b) importancia dos soños c) morte do pai
2. Por que o autor “comezou a desprestixiar o Everest” (líña 7)? Que quere dicir cando o cualifica de “destino para o Sergas” (líña 8)? [1 punto]
3. Redacta un texto argumentativo e persuasivo a través do cal pretendas conseguir unha subvención oficial da Xunta para financiar unha expedición galega ao Everest. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Fíxate na colocación dos cinco pronomes átonos subliñados no texto. Cres que sería posible colocalos na posición alternativa (enclíticos os proclíticos e viceversa)? Xustifica a resposta. [1 punto]
5. A frase *unha avalancha de neve cruel* (líña 7) é ambigua: ten dúas interpretacións posibles. Identifícaa e fai a análise sintáctica correspondente a cada unha delas. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
b) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Con esta pregunta e a seguinte preténdese avaliar a capacidade do alumno/a para captar o sentido global e a intención comunicativa do discurso, neste caso un texto literario.

Asignarase ata 1 punto en función da capacidade para interpretar o texto como mostra da frustración que sente o poeta na súa procura, insatisfeita, das manifestacións de Deus (*Ti, Señor*) na terra.

Pregunta 2: 1 punto

Avaliase a capacidade do alumno/a para interpretar a imaxe do poeta —“home (triste)”— como “nenos (canso)” no sentido global do texto. A puntuación máxima asóciase á capacidade de captar a alegoría dos seres humanos como nenos/filos desvalidos á procura de Deus-pai: “*unha mau a buscar / a Túa mau infinita*”.

Pregunta 3: 3 puntos

Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuita. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollos lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollos morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Por cada palabra distinta correctamente identificada e coa forma estándar: 0.15 puntos. Sen a forma estándar: 0.10. En todo caso ata o máximo de 1 punto. Se se inclúen máis de 7 formas, consideraranse só as 7 primeiras (a menos que se trate de palabras repetidas).

Pregunta 5: 1 punto

Por cada sinónimo/antónimo correctamente indicado: 0.10 puntos.

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.25 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.5 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

Exemplos de resposta / Solucións

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase a capacidade para identificar o tema do texto e para presentar de maneira sintética a mensaxe que transmite.

Pregunta 2: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade de comprensión analítica do texto por parte do alumno/a a través da identificación das ideas do texto e da súa xerarquización

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción 1

Pregunta 4: 1 punto

Pola identificación das dúas construcións sintácticas (pasiva perifrástica vs. pasiva reflexa, se impersonal ou terminoloxías afíns): 0.50 puntos (0.25 por cada unha). Polo comentario solicitado: 0.50 puntos (a título orientativo: 0.25 pola caracterización formal e 0.25 pola caracterización de nivel de uso).

Pregunta 5: 1 punto

Por cada palabra ben segmentada e cos valores dos morfemas *razoablemente* ben identificados, de maneira aproximativa: 0.20 puntos. Sen a identificación ou con identificación incorrecta: 0.10 puntos.

pesqu/eir/o conxel/(a)dor/es industri/al exist/ente/s des/integr/a/ción

Pregunta 6: 1 punto

Vid. opción 1

Pregunta 7: 2 puntos

Vid. opción 1

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións 1 e 2)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un **máximo de 2 puntos por erros**. Estes poderán ser:

—*Moi graves*: Solucións alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.

—*Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*), acentuación diacrítica... Desconto 0,1 c/u.

—*Leves*: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, xa que as mesmas van incluídas na propia valoración da pregunta.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade do alumno/a para captar o sentido do texto e a súa intención comunicativa. Espérase que sexa quen de identificar a caracterización do personaxe en cuestión como un individuo psicolxicamente desequilibrado e de xustificalo de maneira breve e aproximativa sobre a base de elementos tirados do propio texto.

Pregunta 2: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,20 puntos. Preténdese valorar que o alumno/a coñeza o significado que teñen no texto as palabras indicadas e que sexa quen de expresalo. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa, mais non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou a tradución a outra lingua.

Exemplos de resposta / Solucións

Pregunta 3: 3 puntos

Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a "orixinalidade" gratuita. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Por cada conxunción distinta correctamente identificada e clasificada: 0.20 puntos. Sen a clasificación ou completamente mal clasificadas: 0.10. Coa clasificación incompleta ou parcialmente incorrecta: 0.15.

se (ignoro se), pero, e, ou, que (pense que)

Pregunta 5: 1 punto

Por cada palabra segmentada e cos valores dos morfemas *razoablemente* identificados, de maneira aproximativa: máx. 0.20 puntos. Sen a identificación: máx. 0.10 puntos. Consideraranse puntuacións intermedias para palabras parcialmente mal segmentadas ou cos valores mal ou incompletamente identificados.

(ad)mit/o a/vergoñ/(a)d/o ampar/a miñ/a/s querel(a)/s

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.25 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...

b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.

c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras.

A pesar de tratarse de preguntas pechadas preestablecidas, espérase que o/a alumno/a constrúa o seu propio texto de maneira personalizada. Penalizaranse (ata 0.5 puntos) as respostas que evidencien unha pura reprodución memorística de textos non-persoais.

OPCIÓN 2

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase, de maneira modulada ata 1 punto, a capacidade para comprender globalmente o texto. Espérase que o alumno/a sexa quen de captar a relación que o autor establece entre os tres núcleos de contido indicados: a expedición ao Everest como un soño, a importancia dos soños na vida e o pai, que acaba de morrer e que co seu exemplo vital lle transmitiu a el esa idea.

Exemplos de resposta / Solucións

Pregunta 2: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a capacidade para comprender o sentido que ten no conxunto do texto o fragmento “Como o 2012 bótase enriba de min como unha avalancha de neve cruel, comecei a desprestixiar o Everest chegando a cualificalo de ‘destino para o Sergas’. É unha medida preventiva, unha venda que me cobre o corazón”. Asignarase ata 1 punto de maneira modulada e global, sen unha distribución por separado das dúas interrogacións de que consta o enunciado, que é unitario.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicanse os mesmos criterios expostos na mesma pregunta da opción 1.

Pregunta 4: 1 punto

Por cada clítico coa posibilidade de posición alternativa ben identificada e razoablemente ben xustificada: 0.20 puntos. Sen xustificación: 0.10. Con xustificación pero manifestamente incompleta: 0.15.

Pregunta 5: 1 punto

Pola identificación das dúas interpretacións (*cruel* pode referirse a *neve* ou a *avalancha*): 0.50 puntos. Por cada análise: 0.25. Admítese calquera modo de representación da análise así como as diversas terminoloxías, se se empregan de xeito coherente.

Pregunta 6: 1 punto

Véxase opción 1

Pregunta 7: 2 puntos

Véxase opción 1

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións 1 e 2)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un **máximo de 2 puntos por erros**. Estes poderán ser:

—*Moi graves*: Solucións alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,20 puntos c/u.

—*Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v*, *h*, *y*), acentuación diacrítica.... Desconto 0,10 c/u.

—*Leves*: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, xa que as mesmas van incluídas na propia valoración da pregunta.